



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Anuncio relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

ANUNCIO

ORDENANZA FISCAL – APROBACIÓN DEFINITIVA.

O Pleno da Corporación con data de 14 de xullo de 2025, acordou a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do Concello de Negreira.

Publicada con data 6 de agosto de 2025 no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións, considérase aprobada definitivamente a citada Ordenanza Fiscal, sendo o texto da mesma o que acompaña como Anexo a este anuncio.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE NEGREIRA

Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 57 e artigo 20.4.s) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(TRLRFL), este Concello establece a taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal e polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Artigo 2.º .-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos nos que se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

Para tal efecto considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación, detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos, ou os que a recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3.º .-Obriga de contribuír.

A obriga de contribuír que orixina o pagamento da taxa nace dende o momento no que inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada dada a natureza de recepción obrigatoria desta, cando estea establecida e en funcionamento a recollida e tratamento de lixo nos lugares onde figuran as vivendas e locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Artigo 4.º .-Suxeito pasivo.

Considéranse contribuíntes suxeitos a taxa as persoas físicas ou xurídicas, e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos ou locais emprazados nos lugares onde se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou precario.

Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir no seu caso as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

A non utilización ocasional do servizo non invalida a obrigatoriedade da prestación municipal e da recepción obrigatoria polos beneficiarios.

Artigo 5. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 6.º .-Cota tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade local que se determinará en función da natureza e dos destinos dos inmobles. No caso de exercer varias actividades comerciais no mesmo local, este estará suxeito ó pago da cota de maior contía.

Para tal efecto se aplicará o seguinte cadro de tarifas anual:

Epígrafe 1.-Vivendas e locais non afectos a actividades económicas.

Engádense dous sub – epígrafes:

1.a) Vivendas no núcleo urbano

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	76,70 €	80,54 €	84,56 €

1.b) Vivendas en parroquias

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	69,03 €	72,48 €	76,11 €

Epígrafe 2.-Hostalería e establecementos análogos

· Bar, café – bar, cafetería, taberna e similares

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	110,75 €	116,29 €	122,11 €

· Restaurantes, parrilladas e similares

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	287,96 €	302,36 €	317,48 €

Epígrafe 3.-Establecementos de alimentación.

Autoservizo:

Ata 150 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Entre 150m² e 300m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	363,38 €	381,54 €	400,62 €

Maior de 300m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	1.107,52 €	1.162,90 €	1.221,04 €

Ultramarinos, froiterías, panaderías, carnicerías, e alimentación en xeral:

Ata 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Maior de 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	128,70 €	135,14 €	141,89 €

Epígrafe 4.-Comercio en xeral. (librerías, ferreterías, moda, zapaterías, electrodomésticos, xoierías, estancos, perruque-rías, centros de estética, e establecementos análogos):

Ata 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Maior de 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	128,70 €	135,14 €	141,89 €

Epígrafe 5.-Despachos profesionais, oficinas, xestorías, asesorías, axencias de viaxes, centros de ensino públicos e privados, academias, centros relixiosos, autoescolas e centros análogos.

Ata 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Maior de 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	128,70 €	135,14 €	141,89 €

Epígrafe 6.- Entidades financeiras

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	701,42 €	736,50 €	773,32 €

Epígrafe 7.-Saúde

Farmacias

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Hospitais, xeriátricos, residencias e similares

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	69,03 €	72,48 €	76,11 €
IMPORTE	3,51 €	3,69 €	3,87 €

Epígrafe 8.- Aloxamento

Hotéis, moteis

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	69,03 €	72,48 €	76,11 €
IMPORTE	1,17 €	1,23 €	1,29 €

Hostais, pensións, fondas, albergues, casas de turismo rural

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	69,03 €	72,48 €	76,11 €
IMPORTE	0,59 €	0,61 €	0,64 €

Vivendas de uso turístico

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	90,00 €	94,50 €	99,23 €

Epígrafe 9.- Almacéns, industrias, moblerías, garaxes, talleres mecánicos, téxtiles, de reparación, imprentas, venda de maquinaria, bazares e similares.Ata 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88,61 €	93,04 €	97,69 €

Maior de 150m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	175,50 €	184,28 €	193,49 €

Epígrafe 10.- Gasolineiras

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	280,80 €	294,84 €	309,58 €

Epígrafe 11.- Ximnasios, centros deportivos e de lecer/ocio

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	128,70 €	135,14 €	141,89 €

Epígrafe 12-. Espectáculos, salas de teatro, cines, salas de festa, bailes e similaresAta 1000 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	590,68 €	620,21 €	651,22 €

Maior de 1000 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	1.145,73 €	1.203,01 €	1.263,16 €

Epígrafe 13-. Casinos, bingos, salas de xogo e similares.Ata 150 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	325,85 €	342,14 €	359,24 €

Entre 150 m² e 500 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	745,59 €	782,87 €	822,01 €

Maior de 500 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	1.016,87 €	1.067,72 €	1.121,10 €

Epígrafe 14-. Outros non clasificados nos apartados anterioresAta 150 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	88.61 €	93.04 €	97.69 €

Entre 150 m² e 500 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	175,50 €	184,28 €	193,49 €

Maior de 500 m²

ANO	2026	2027	2028
IMPORTE	287,96 €	302,36 €	317,48 €

Comenzando o ano 2028 (para 2029), actualizaranse as tarifas de cada ano na porcentaxe equivalente ao IPC interanual xeral estatal, tomándose como referencia o do mes de xuño de cada ano. Esta actualización deberá ser aprobada polo Pleno consonte ás normas reguladoras das modificacións das ordenanzas fiscais.

Artigo 7.º Bonificacións e reducións

Aquelas vivendas que non sexan consideradas habitables, terán unha bonificación do 100%.

Non serán consideradas vivendas habitables aquelas edificacións ou parte delas, destinadas a vivendas, que non reúnan as condicións mínimas esixidas pola lexislación aplicable. (Decreto 29/2010 de 4 marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, e se establecen as actuais condicións para que unha edificación cumpra cos requisitos mínimos habitables).

En todo caso, entenderase que non reúnen ditas condicións as vivendas que incumpran os requisitos de superficie, número, dimensión e características das pezas habitables, as que presenten deficiencias graves nas súas dotacións e instalacións básicas e as que non cumpran os requisitos mínimos de seguridade, accesibilidade universal, e habitabilidade esixibles á edificación.

A concesión ou denegación deste beneficio fiscal será informada polo técnico competente, previa solicitude do interesado.

No caso de ser valorada positivamente a concesión do presente beneficio polo técnico competente, terá efectos dende o ano seguinte á súa solicitude.

Para ter dereito á obtención deste beneficio, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo.

Artigo 8.º.-Normas de Xestión. Declaración e ingreso.

O Concello de Negreira confeccionará unha matrícula provisional que inclúa os suxeitos pasivos obrigados ó pagamento que será exposta ó público para os efectos de exame e reclamacións durante 15 días hábiles.

As variacións que se produzan nos datos da matrícula serán comunicados ao Concello polos afectados, así como as futuras altas. Cando o afectado non efectúe a súa iniciativa a alta esta será realizada de oficio polo Concello.

O período de cobramento para os recibos correspondentes ós suxeitos pasivos incluídos na matrícula será anual e a taxa devindicase o 1 de xaneiro de cada ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo que teñan lugar o longo do ano; neste supostos se efectuará o rateo correspondente por meses.

O paso ao pago da taxa farase de forma fraccionada en dous pagos anuais.

Artigo 9º .-Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicado no BOP, consonte ao preceptuado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seu texto integro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde – Presidente

Negreira 23 de setembro de 2025

2025/6187